

# CENTRO POLA PAZ DE HERBÓN LAR DA PAZ

FUNDACIÓN MOSTEIRO FRANCISCANO DE HERBÓN  
FUNDACION CULTURA DE PAZ  
SEMINARIO GALEGO DE EDUCACION PARA A PAZ  
CATEDRA UNESCO DE CULTURA DE PAZ E DEREITOS HUMANOS DA USC  
ORDE FRANCISCANA

## (PROXECTO)

O proxecto de creación do **Centro pola Paz de Herbón** no Mosteiro que a Orde Franciscana posúe en Herbón (Padrón), é unha iniciativa do *Seminario Galego de Educación para a Paz*, da *Fundación Cultura de Paz*, da *Fundación Mosteiro Franciscano de Herbón*, e da Orde Franciscana.

**Trátase de restaurar e rehabilitar, para o seu uso como Centro pola Paz, un espazo de algo máis de 1.070 metros cadrados de obra nova, sobre un proxecto inicial do arquitecto Pedro de Llano, no antigo Convento Franciscano de Herbón (Padrón), edificio que se remonta ó século XIV, monumento histórico e patrimonio cultural de Galicia.**

O **Centro pola Paz de Herbón** terá como un dos seus **referentes** fundamentais a **Baketik**, *Centro pola Paz de Arantzazu* (Euskadi), que está situado tamén no marco do Santuario Franciscano de Arantzazu, en Oñati (Guipúzkoa), dirixido por D. Jonan Fernández, unha institución non lucrativa, laica, aconfesional, de funcionamento plural e aberto no que conflúen os conceptos de paz e de ética, con claros obxectivos de carácter divulgativo, formativo, mediador e solidario.

Sobre a experiencia concreta de Baketik e a traxectoria específica do *Seminario Galego de Educación para a Paz*, o **Centro pola Paz de Herbón** porá o acento no obxectivo da paz positiva e na promoción dos valores propios dunha *Cultura de Paz: educación para a paz, dereitos humanos e democracia; erradicación da pobreza e da exclusión; diálogo intercultural e interrelixioso; e resolución pacífica dos conflitos* sobre a base da xustiza, centrándose na investigación, na divulgación e na intervención construtiva.

Terá personalidade xurídica propia como organización sen ánimo de lucro e **Estatutos** de Fundación nos que se especifique a natureza e denominación, a personalidade e capacidade, duración, domicilio, ámbitos de actuación, réxime normativo, obxectivos, goberno da fundación ou padroado, facultades do mesmo e réxime económico, dotación fundacional, administración e réxime financeiro acordados polas tres institucións promotoras.

Así mesmo contará cun **Programa de Actividades e Servizos** nos que figuren expresamente os obxectivos anuais desde o punto de vista formativo, divulgativo, de sensibilización, investigación, etc

O **Centro pola Paz de Herbón** terá unha dotación económica fundacional para o inicio das actividades que aportarán as tres entidades promotoras xunto coas institucións públicas e privadas que formen parte do Padroado para o seu funcionamento ordinario.

No sucesivo o **Centro pola Paz de Herbón** terá o seu propio réxime de autofinanciamento.

As obras de acondicionamento necesarias, restauración, luz, calefacción, liñas telefónicas e demais cuestións imprescindibles, previas á inauguración e posta en funcionamento do Centro, correrán por conta das entidades promotoras con aportacións, das institucións públicas e privadas representadas no Padroado.

O espazo inicial destinado no Mosteiro Franciscano de Herbón ó Centro pola Paz non será inferior a 300 metros cadrados para despachos, salas de reunións e aulas. Ademais contará cun Salón de Actos de usos múltiples, unha Sala de Exposicións (conferencias, exposicións) e un almacén.

Con posterioridade veranse as posibilidades de crear, no propio centro, un **Museo da Paz**, tendo como referencia o de Gernika.

No momento en que o **Centro pola Paz de Herbón** quede habilitado e en condicións axeitadas para a súa inauguración, o *Seminario Galego de Educación para a Paz* (Fundación Cultura de Paz) trasladará desde Santiago de Compostela a Herbón todo o seu patrimonio documental, material, bens mobles e persoal contratado para xestionar o seu funcionamento.

O **Centro pola Paz de Herbón** manterá unha vinculación estreita e un **Convenio Marco de Colaboración** estable coa **Cátedra UNESCO de Cultura de Paz e Dereitos Humanos** da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coas Fundacións de carácter cultural existentes no Municipio de Padrón, nomeadamente, a **Fundación Rosalía de Castro**, a **Fundación Paideia** e a **Fundación Camilo José Cela**.

## OBXECTIVOS

Entre os obxectivos do **Centro pola Paz de Herbón** estarían os seguintes:

- *Promover a Educación para a Paz, entendida globalmente, e os valores cívicos e democráticos entre o profesorado, a comunidade educativa e a sociedade en xeral.*
  - *Contribuír á formación inicial e permanente do profesorado.*
- *Divulgar os valores proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.*
- *Fomentar a Cultura da Paz nas aulas, na comunidade educativa e na sociedade, así como a convivencia pacífica e a resolución de conflitos desde a perspectiva do diálogo, a palabra, a mediación e o acordo.*
- *Realizar actividades culturais que fagan realidade, na vida e na sociedade, os obxectivos citados.*
- *Colaborar e cooperar con centros similares, especialmente, dos países máis empobrecidos.*

- *Establecer fórmulas de colaboración estable con centros similares de todo o mundo.*

## ACTIVIDADES

Entre as actividades que promoverá o **Centro pola Paz de Herbón** destacan as seguintes:

- *Organizar Encontros e Xornadas, Simposios, Congresos, Seminarios, Foros, Cursos, Conferencias e Mesas Redondas sobre os obxectivos citados con anterioridade.*
- *Promover a investigación para a paz e facilitar a realización de proxectos de investigación no propio centro en colaboración coas universidades e outras institucións formativas e investigadoras.*
- *Ofertar as instalacións do Centro para a realización de actividades formativas ou de mediación de conflitos, de educación para a paz e de convivencia, así como organizar visitas e estancias de centros escolares, asociacións xuvenís, ONGDs e outras entidades, en relación cos obxectivos do Centro.*
- *Realizar cursos e escolas de verán sobre a temática propia do Centro pola Paz*
- *Elaborar e editar materiais e recursos, publicacións, documentais, exposicións, en formatos diversos sobre os obxectivos do Centro.*
- *Colaborar en proxectos de cooperación ó desenvolvemento sobre os obxectivos do centro, especialmente, con entidades do terceiro mundo.*

## SERVIZOS

Entre os servizos de atención ó público que se ofertarían destacamos os seguintes:

- *Biblioteca ecopacifista especializada*
- *Videoteca e mediateca, DVd e sa de proxeccións*
  - *Sá de xuntas*
- *Sá de Exposicións e Museo da Paz (no seu caso)*
  - *Páxina web e Cursos on-line*
    - *Conexión a Internet*
    - *Centro de Documentación*
    - *Centro de investigación*
  - *Asesoramento especializado*

## ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos que estruturan o **Centro pola Paz de Herbón** son: O Padroado da Fundación, O Consello Reitor, o Comité Asesor e a Dirección do Centro

## O PADROADO

É o máximo órgano de goberno da Fundación, regula o funcionamento xeral do **Centro pola Paz de Herbón**, supervisa o cumprimento dos fins fundacionais e debe aprobar os presupostos, as contratacións e as designacións dos órganos de goberno.

Estará composto polas persoas que decidan os fundadores con criterios de pluralidade, representatividade e prestixio. Máis concretamente estaría formado por:

- \* Dúas persoas designadas pola Fundación Mosteiro Franciscano de Herbón
- \* Dúas persoas designadas polo Seminario Galego de Educación para a Paz
  - \* Dúas persoas designadas pola Fundación Cultura de Paz
  - \* Dúas persoas designadas polo Consello Asesor
- \* Dúas persoas designadas pola Cátedra de Cultura de Paz e Dereitos Humanos da USC
  - \* Unha persoa designada polo Concello de Padrón
  - \* Unha persoa designada pola Fundación Rosalía de Castro.
  - \* Unha persoa designada pola Fundación Camilo José Cela
  - \* Unha persoa designada pola Fundación Paideia
- \* Unha persoa designada por cada unha das entidades ou institucións patrocinadoras

...

## O CONSELLO REITOR

O Padroado da Fundación delega o seguimento do goberno do **Centro pola Paz de Herbón** nun Consello Reitor de composición plural. Está composto por doce membros, ademais do Director. O Consello Reitor fai o seguimento do proxecto do Centro pola Paz por delegación do Padroado. A composición deste órgano trata de responder a unha ampla pluralidade de xénero, idade, procedencia, disciplinas, identidades naturais ou sensibilidades. Reunirase alomenos tres veces no ano. Aproba, modifica ou desestima os plans de traballo e colabora no seu bo desenvolvemento.

As persoas que integrarían o Consello Reitor son:

.....

## O COMITÉ ASESOR

Está composto por un grupo de personalidades plurais e terá carácter consultivo. Apoia e asesora ó Director/a na preparación dos proxectos anuais ou plurianuais.

Reunirase alomenos unha vez ó ano e sempre que o Director/a o solicite.

As persoas que integran o Comité Asesor son:

....

## A DIRECCIÓN

O Padroado designa ó Director/a e ó Xerente (no seu caso) que comporán a Dirección. Eventualmente poderán sumarse ó equipo directivo outros cargos de responsabilidade. A dirección do centro traballa baixo a supervisión do Consello Reitor e conta co Comité Asesor. O Director dirixe o proxecto de **Centro pola Paz de Herbón**, presenta diante do Padroado os proxectos de traballo anuais ou plurianuais, os presupostos, as propostas de contratación de persoal e a aprobación dos gastos non previstos. Elabora e presenta diante do Consello Reitor os plans de traballo trimestrais ou semestrais do Centro.

## CÓMO SE ORGANIZA

O **Centro pola Paz de Herbón** internamente se organizará, alomenos, nos seguintes departamentos:

### **Dirección**

(Planificación, representación e coordinación)

### **Xerencia**

(no seu caso, organización e financiamento)

### **Administración**

(Loxística, contabilidade, xestión administrativa)

### **Cooperación**

(Cooperación ó desenvolvemento e axudas)

### **Comunicación**

(Gabinete prensa, relacións cos medios, publicacións, web)

### **Escola de Acollida**

(Didáctica, prácticas)

### **Investigación**

(Análises e proxectos)

### **Educación e Cultura de Paz**

(Materiais didácticos, cursos de formación, encontros e xornadas, campañas)

### **Internacional**

(Relacións con centros similares de todo o mundo)

### **Museo**

(no seu caso)

## COMO SE FINANCIA

O **Centro pola Paz de Herbón** contará cun capital fundacional aportado polos fundadores para a sede social, obras de acondicionamento, mobiliario, e dotación económica inicial, xunto coas aportación das entidades patrocinadoras, axudas públicas e privadas, dos asociados e asociadas e os ingresos por prestación de servizos e convenios de colaboración asinados de tal maneira que, no menor tempo posible, poda autofinanciarse na súa totalidade, ofrecendo a máxima rendibilidade social, progresividade (medrando de menos a máis) e a diversificación equilibrada das fontes de ingreso sobre catro bases: facturación de servizos e cotas, aportacións dos fundadores, aportacións dos patrocinadores, colaboracións e axudas institucionais.

## PERSOAL CONTRATADO

Para a realización das citadas actividades o **Centro pola Paz de Herbón** contará con persoal contratado, persoal voluntario e persoal colaborador.

O persoal contratado mínimo para o funcionamento do Centro será o seguinte:

- 1.- Xerente (no seu caso)
- 1.- Técnico/a de Cooperación
- 1.- Técnico de Administración
- 1.- Auxiliar

- 1.- Xornalista en prácticas
- 1.- Técnico de xestión e contabilidade en prácticas

Para as distintas actividades e segundo as necesidades e presupostos poderase contar con monitores e monitoras específicos contratados puntualmente.